

A Coruña, 20 de outubro de 2.022.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA N°2 TEMP 2022-23

Equipos participantes: CW Coruña Rías Altas - CN Oviedo.

Competición: Liga Galega Waterpolo División de Honra Masculina.

Data de celebración: 09/10/2022.

FEITOS

- O día 11 de outubro foi remitido pola Secretaria da FEGAN ao Xuíz Unico acta do encontro e informe adxunto asinado polos árbitros do encontro. No citado informe se recolle:

"No minuto 00:22 do primeiro período amósaselle tarxeta vermella ó xogador número 12 visitante, D. A. Pozo Velasco (número de licenza 1020477), e é expulsado definitivamente con substitución disciplinaria por, estando sentado na bancada do seu equipo, erguerse completamente e cos brazos en alto en dirección ós árbitros protestando as súas decisións. Acto seguido é preciso indicarlle ata en dúas ocasións que abandone o vaso da piscina."

- O día 13 de outubro deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos que motivan a expulsión e tarxeta vermella: infracción leve do art. 7. I.1.a).
- A actitude pasiva as ordes dos árbitros tras a expulsión: infracción leve do art. 7. I.1.c)

RESOLVE

- Sancionar a D. A. Pozo Velasco con número de licenza 1020477 xogador do C. N. Oviedo categoría absoluta masculina cun encontro de suspensión nesta categoría(art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN

